

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE MEDICINA XENÓMICA E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCUMPUTACIÓN DE GALICIA (CESGA), PARA A INTEGRACIÓN E ACTUALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SOPORTE AO CÁLCULO INTENSIVO.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica (adscrita á Consellería de Sanidade a través da Dirección Xeral de Atención Sanitaria do Servizo Galego de Saúde) e a Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (CESGA) formalizaron o 7 de xuño de 2022 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos desde a data da súa sinatura.

Que a cláusula décima do convenio asinado establece que o Servizo Galego de Saúde dará publicidade do acordo, de conformidade co que establecen a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia; a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Que o instrumento convencional ten por obxecto posibilitar que a Fundación CESGA dea soporte á FPGMX en materia de cálculo intensivo e almacenamento de datos, xa que as ultimas tecnoloxías de ultrasecuenciación xeran volumes de información en forma de pequenas secuencias, que cómpre por en liña e mapear para secuenciar o xenoma humano. Así, a FPGMX precisa realizar a análise bioinformática desta información, resumindo millóns de pequenas secuencias nun reducido número de grandes secuencias, e facilitar o proceso posterior de resultados.

Dada a complexidade da tarefa, a FPGMX precisa dos medios técnicos de CESGA, no que se refire ao soporte en cálculo intensivo e almacenaxe de datos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Por todo o anterior e, tendo en conta as razóns de interese público, así como o carácter técnico das actividades a desenvolverr, non resulta posible promover concorrencia pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

José Flores Arias.

